

# **ACORDO DE PRÓRROGA DO PLAN ESTRATÉGICO DA FACULDADE DE VETERINARIA**



**2020-2022**

	<b>ACORDO DE PRÓRROGA DO PLAN ESTRATÉXICO DA FACULTADE DE VETERINARIA</b>	Data aprobación XF: 12/02/21 Data aprobación CCPdCG: 03/03/21
		Páxina 2 de 9

## ACORDO DE PRÓRROGA DO PLAN ESTRATÉXICO DA FACULTADE DE VETERINARIA

### 2020-2022

O plan estratéxico da facultade foi deseñado para o período 2014-2018. Todo o seu análise de estrutura, evolución e grao de cumprimento recollese nas correspondentes Memorias de Calidade dos anos afectados.

Como xa quedou reflectido na Memoria de Calidade 2018-2019, a elaboración dun novo plan para executar a partir de 2019 non foi considerado posible nin adecuado polos seguintes motivos:

- O obxectivo inmediato da Facultade trala visita de acreditación europea en setembro 2018 era subsanar as “non conformidades” detectadas para poder pasar a re-visita o antes posible e coas necesarias garantías de éxito. Crear una comisión para elaborar un novo plan estratéxico conforme o establece o PE-01 supoñía una diversificación de obxectivos que non podíamos asumir.
- Por outra banda, o Plan Estratéxico vixente da USC (2011-2020) finaliza en 2020. Calquera Plan Estratéxico que se elaborase, tería que estar de acordo co alí recollido e, en consecuencia, non ir máis aló desta data. Estimouse que non tiña sentido facer o esforzo para tan curta duración que, ademais, comprometería moito as posibles accións a desenvolver.
- Unha terceira razón, non menos importante, é que no 2020 tocaba renovar o equipo decanal; tampouco parecía adecuado facer un deseño de futuro que comprometera ao novo equipo de dirección. Por máis que a aprobación do Plan Estratéxico corresponda á Xunta de Facultade, parece adecuado que sexan as persoas que van xestionar a facultade quen analicen o escenario e decidan a orientación da súa actividade cara, ao menos, aos 4 anos do seu mandato. E que o faga xa con plena integración co novo Plan Estratéxico da USC.

Para a elaboración deste acordo de prórroga do Plan Estratéxico recolleuse información de diferentes fontes (informes ACSUG e EAEVE), para ter en conta as necesidades e expectativas. A continuación fíxose unha revisión das liñas e obxectivos estratéxicos do anterior Plan (Plan Estratéxico Veterinaria 2014-2018), para a súa adaptación ao momento actual. Para isto procedeuse a:

- suprimir aquelas liñas ou obxectivos xa acadados ou que se sustanciaron en procedementos de actuación xa consolidados.
- modificar algunhas das accións xa executadas co fin de actualizalas ou melloralas.
- engadir as que se considerou necesario incorporar en base ás novas necesidades detectadas.

**LIÑAS ESTRATÉXICAS**

1. PLANIFICACIÓN DA ENSINANZA
2. DESENVOLVEMENTO DA DOCENCIA
3. XESTIÓN, RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS
4. INFORMACIÓN PÚBLICA

**LIÑA ESTRATÉGICA 1**

**1. PLANIFICACIÓN DA ENSINANZA**

**OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS**

- 1.1. AXUSTE DAS COMPETENCIAS E MELLORA DAS PROGRAMACIÓNS DAS MATERIAS
- 1.2. MELLORA DA PLANIFICACIÓN E ORGANIZACIÓN DOS HORARIOS DAS ACTIVIDADES DOCENTES

**OBXECTIVO ESTRATÉGICO 1.1**

**AXUSTE DAS COMPETENCIAS E MELLORA DAS PROGRAMACIÓNS DAS MATERIAS**

**ACCIÓNS ESTRATÉXICAS**

**A. Redistribuír e adecuar as competencias ás materias. Desenvolver un programa piloto coa finalidade de comezar a definilas de forma axeitada ás actividades formativas das materias, segundo tipoloxía definida pola EAEVE.**

Responsable: Equipo decanal. Coordinador/a de título.

Inicio 01/2021 - Finalización 12/2022.

Indicadores/evidencias: Materias implicadas. Cursos/actividades organizadas.

**B. Colaborar cos departamentos na mellora do nivel de especificación dos criterios de avaliación do rendemento académico, e a ponderación dos diferentes elementos de avaliación na programación docente das materias.**

Responsable: Equipo decanal. Coordinador/a de título.

Inicio 01/2021 - Finalización 12/2022.

Indicadores/evidencias: Programacións docentes.

**C. Organizar cursos de formación sobre a avaliación por competencias.**

Responsable: Equipo decanal.

Inicio 01/2021 - Finalización 12/2022.

Indicadores/evidencias: Cursos realizados. Participación nos cursos.

**D. Iniciar un plan piloto coa finalidade de incentivar a avaliación por competencias e a súa especificación na guía docente.**

Responsable: Equipo decanal. Coordinador/a Título.

Inicio 01/2021 - Finalización 12/2022.

Indicadores/evidencias: Materias participantes. Programacións docentes.

**OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1.2  
MELLORA DA PLANIFICACIÓN E ORGANIZACIÓN DOS HORARIOS DAS ACTIVIDADES DOCENTES**

**ACCIÓNS ESTRATÉXICAS**

**A. Homoxeneizar o formato, en canto a nomenclatura, dos horarios.**

Responsable: Equipo decanal. Xestor/a centro.  
Inicio 01/2021 - Finalización 12/2022.  
Indicadores/evidencias: Horarios de curso.

**B. Mellorar o procedemento para a organización da actividade docente do 10º e 11º semestre.**

Responsable: Equipo decanal. Xestor/a centro.  
Inicio 01/2021 - Finalización 12/2022.  
Indicadores/evidencias: Procedementos e calendarios materias 10º e 11º semestre.

**LIÑA ESTRATÉXICA 2**

**2. DESENVOLVEMENTO DA DOCENCIA**

**OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS**

- 2.1. GARANTIR A COORDINACIÓN DA ACTIVIDADE DOCENTE**
- 2.2. ORIENTACIÓN E COMUNICACIÓN COS ALUMNOS**
- 2.3. MANTEMENTO E MELLORA DA OFERTA DE PROGRAMAS DE MOBILIDADE**
- 2.4. XESTIÓN DE PRÁCTICAS EXTRAMUROS**
- 2.5. MELLORA DA CALIDADE E INNOVACIÓN DOCENTE NO CENTRO**

**OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2.1  
GARANTIR A COORDINACIÓN DA ACTIVIDADE DOCENTE**

**ACCIÓNS ESTRATÉXICAS**

**A. Revisar as funcións e obxectivos das reunións semestrais e establecer un sistema de valoración dos resultados obtidos, de maneira que quede constancia das mesmas.**

Responsable: Equipo decanal. Coordinador/a Titulo.  
Inicio 01/2021 - Finalización 12/2022.  
Indicadores/evidencias: Procedemento e evidencia documental.

**B. Procurar a distribución equilibrada da carga de traballo das materias en cada semestre, especialmente as tarefas propostas como parte da avaliación (coordinación horizontal).**

Responsable: Equipo decanal. Coordinador/a Titulo.  
Inicio 01/2021 - Finalización 12/2022.  
Indicadores/evidencias: Reunións realizadas. Programacións docente.

**C. Fomentar a coordinación vertical e deseñar plan piloto de paquetes de formación transversal (por exemplo: benestar, bioseguridade, elaboración de traballos,.....).**

Responsable: Equipo decanal. Coordinador/a Titulo.  
Inicio 01/2021 - Finalización 12/2022.  
Indicadores/evidencias: Materias participantes. Reunións realizadas. Número de paquetes formativos.

**D. Traballar en coordinación coa Fundación Rof Codina no deseño das actividades que dean resposta ás necesidades docentes actuais da Facultade de Veterinaria.**

Responsable: Equipo decanal. Coordinador/a Titulo. Director/a veterinario HVURC.  
Inicio 01/2021 - Finalización 12/2022.  
Indicadores/evidencias: Reunións realizadas. Materias participantes.

**E. Revisar o procedemento de xestión dos TFG/TFM no que se refire ao sistema de avaliación**

Responsable: Equipo decanal. Coordinador/a Titulo.  
Inicio 01/2021 - Finalización 12/2022.  
Indicadores/evidencias: Regulamento TFG/TFM.

**OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2.2  
ORIENTACIÓN E COMUNICACIÓN COS ALUMNOS**

**ACCIÓNS ESTRATÉXICAS**

**A. Establecer un plan de información aos alumnos adaptado a cada curso, sobre aspectos concretos da titulación: presentación, SGC, optativas, mobilidade, prácticas tuteladas e externas, TFG, ... Celebrar charlas e xornadas informativas sobre saídas profesionais e orientación laboral.**

Responsable: Equipo decanal.  
Inicio 01/2021 - Finalización 12/2022.  
Indicadores/evidencias: Actividades realizadas.

**B. Potenciar a figura do/a delegado/a de curso como unha forma de promover a comunicación cos equipos directivos dos Centros.**

Responsable: Equipo decanal.  
Inicio 01/2021 - Finalización 12/2022.  
Indicadores/evidencias: Reunións. Actividades realizadas.

**C. Visibilizar, en coordinación cos programas de doutoramento, os estudos de doutoramento no centro e apoiar actividades que fomenten a relación entre o alumnado.**

Responsable: Equipo decanal.  
Inicio 01/2021 - Finalización 12/2022.  
Indicadores/evidencias: Reunións. Actividades realizadas.

**OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2.3  
MANTEMENTO E MELLORA DA OFERTA DE PROGRAMAS DE MOBILIDADE**

**ACCIÓNS ESTRATÉXICAS**

**A. Potenciar a participación do estudantes e do profesorado nos programas de mobilidade e a formalización de novos convenios.**

Responsable: Equipo decanal. Coordinador/a Titulo.  
Inicio 01/2021 - Finalización 12/2022.  
Indicadores/evidencias: Contactos/Convenios establecidos. Datos mobilidade.

**OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2.4  
XESTIÓN DE PRÁCTICAS EXTRAMUROS**

**ACCIÓNS ESTRATÉXICAS**

**A. Consolidar e ampliar a relación coas empresas e entidades que colaboran na realización de prácticas extramuros.**

Responsable: Equipo decanal.  
Inicio 01/2021 - Finalización 12/2022  
Indicadores/evidencias: Convenios novos. Renovación convenios.

**B. Diseñar programas piloto con empresas para establecer itinerarios de especialización.**

Responsable: Equipo decanal. Coordinador/a Titulo.  
Inicio 01/2021 - Finalización 12/2022.  
Indicadores/evidencias: Declaración de intereses das empresas. Programas piloto.

**C. Optimizar/maximizar o uso da nova granxa Campus Terra na docencia.**

Responsable: Equipo decanal. Coordinador/a Titulo.  
Inicio 01/2021 - Finalización 12/2022.  
Indicadores/evidencias: Materias que imparten docencia na granxa. Estudiantes que realizan as practicas externas e TFGs na granxa. Actividades de extensión universitaria organizadas.

**OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2.5  
MELLORA DA CALIDADE E INNOVACIÓN DOCENTE NO CENTRO**

**ACCIÓNS ESTRATÉXICAS**

**A. Incorporar de xeito estable o uso das TIC nos procesos de avaliación e, en xeral, en todos os procesos docentes.**

Responsable: Equipo decanal. Coordinador/a Titulo.  
Inicio 01/2021 - Finalización 12/2022.  
Indicadores/evidencias: Cursos organizados. Participantes cursos. Programacións materias.

**B. Incentivar a proposta de actividades formativas encamiñadas á innovación educativa, tanto para docentes, como PAS e estudantes.**

Responsable: Equipo decanal.  
Inicio 01/2021 - Finalización 12/2022.  
Indicadores/evidencias: Actividades realizadas. Asistencia e/ou participación.

**C. Dar a coñecer o SGC e fomentar a participación nas enquisas.**

Responsable: Equipo decanal.  
Inicio 01/2021 - Finalización 12/2022.  
Indicadores/evidencias: Actividades realizadas. Asistencia e/ou participación. Informe das enquisas.

**D. Potenciar o emprego de simuladores na docencia práctica clínica, principalmente no laboratorio de habilidades clínicas (LHC).**

Responsable: Equipo decanal.  
Inicio 01/2021 - Finalización 12/2022.  
Indicadores/evidencias: Materias implicadas. Actividades realizadas.

### LIÑA ESTRATÉGICA 3

#### 3. XESTIÓN, RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS

#### OBXECTIVOS ESTRATÉGICOS

**3.1. OPTIMIZAR A COORDINACIÓN DA UNIDADE DE XESTIÓN DO CENTRO E DOS DEPARTAMENTOS (UXCD)**

**3.2. MELLORA DOS ESPAZOS DOCENTES E DE TRABALLO**

#### OBXECTIVO ESTRATÉGICO 3.1

**OPTIMIZAR A COORDINACIÓN DA UNIDADE DE XESTIÓN DO CENTRO E DOS DEPARTAMENTOS (UXCD)**

#### ACCIÓNS ESTRATÉGICAS

**A. Establecer protocolos de traballo normalizados, tendo en conta os procesos del SGC, que faciliten unha mellor coordinación dos procesos administrativos da unidade de xestión.**

Responsable: Equipo decanal. Xestor/a .  
Inicio 01/2021 - Finalización 12/2022.  
Indicadores/evidencias: Protocolos elaborados.

**B. Promover o uso de ferramentas de AE no centro.**

Responsable: Equipo decanal. Xestor/a.  
Inicio 01/2021 - Finalización 12/2022.  
Indicadores/evidencias: Cursos organizados, Procesos implementados.

**C. Harmonización do RRI e regulamentos propios do centro coas provisións do SGC**

Responsable: Equipo decanal. Xestor/a.  
Inicio 01/2021 - Finalización 12/2022.  
Indicadores/evidencias: regulamentos aprobados.

**D. Optimizar a xestión de espazos, introducindo na aplicación de Xescampus tódolos espazos utilizados para a docencia (exames, prácticas, etc...).**

Responsable: Equipo decanal. Xestor/a  
Inicio 01/2021 - Finalización 12/2022.  
Indicadores/evidencias: Xestións realizadas.

#### OBXECTIVO ESTRATÉGICO 3.2 MELLORA DOS ESPAZOS DOCENTES E DE TRABALLO

#### ACCIÓNS ESTRATÉGICAS

**A. Finalizar a adecuación dos espazos docentes—(zonas de traballo colaborativo, paneis informativos, zonas de descanso, ampliación da cobertura wifi, puntos de recarga eléctrica nas aulas...)**

Responsable: Equipo decanal.  
Inicio 01/2021 - Finalización 12/2022.  
Indicadores/evidencias: Obras realizadas. Equipamentos adquiridos.



#### LIÑA ESTRATÉGICA 4

#### 4. INFORMACIÓN PÚBLICA

#### OBXECTIVOS ESTRATÉGICOS

- 4.1. AMPLIAR A ESTRATEXIA DE COMUNICACIÓN DA FACULDADE
- 4.2. ACERCAR A REALIDADE PROFESIONAL Á FACULDADE

#### OBXECTIVO ESTRATÉGICO 4.1 AMPLIAR A ESTRATEXIA DE COMUNICACIÓN DA FACULDADE

#### ACCIÓNS ESTRATÉGICAS

##### **A. Reforzar a estratexia de comunicación. Potenciar a participación do PDI en programas como A Ponte, Divulga Terra e outras iniciativas de divulgación**

Responsable: Equipo decanal.  
Inicio 01/2021 - Finalización 12/2022.  
Indicadores/evidencias: Actividades realizadas. Participación PDI.

##### **B. Mellorar o mantemento da páxina web institucional do Centro**

Responsable: Equipo decanal. Xestor/a.  
Inicio 01/2021 - Finalización 12/2022.  
Indicadores/evidencias: Páxina web do centro.

#### OBXECTIVO ESTRATÉGICO 4.2 ACERCAR A REALIDADE PROFESIONAL Á FACULDADE

#### ACCIÓNS ESTRATÉGICAS

##### **A. Promover reunións anuais co Comité Consultivo Externo.**

Responsable: Equipo decanal.  
Inicio 01/2021 - Finalización 12/2022.  
Indicadores/evidencias: Reunións realizadas. Evidencias documentais.

##### **B. Establecer un maior contacto cos egresados para coñecer a súa traxectoria profesional e fomentar a súa participación e colaboración nas actividades que se desenvolven na facultade.**

Responsable: Equipo decanal.  
Inicio 01/2021 - Finalización 12/2022.  
Indicadores/evidencias: Lista de distribución egresados. Actividades realizadas.

##### **C. Fomentar actividades conxuntas co Colexio de Veterinarios, asociacións profesionais, empresas, etc., co fin de acercar a realidade profesional os estudantes, coñecer as necesidades formativas dos veterinarios/as e manter o contacto coa profesión.**

Responsable: Equipo decanal  
Inicio 01/2021 - Finalización 12/2022.  
Indicadores/evidencias: Actividades realizadas.